

A Federación Española de Triatlón, celebrará esta tempada o “Encontro Nacional de Menores 2026”, entre os días 1 e o 5 de xullo, en Huesca. O encontro, dirixido a deportistas da categoría Infantil (2013/2014) con licenza federativa en vigor, ten como obxectivo é visibilizar e fomentar a práctica deportiva de deportistas menores, aproveitando as contornas que ofrece España para o noso deporte.

A FEGATRI conta con dúas prazas masculinas e dúas femininas reservadas cuxa inscrición financiará (a inscrición cubre o aloxamento e manutención, non gastos nin organización da viaxe que irá por conta da persoa deportista).

A solicitude enviarase por correo electrónico a fegatri@hotmail.com, cubrindo os formularios que tedes máis abaixo.

A inscrición libre no encontro abrirase por parte da FETRI o xoves 7 de maio de 2026. Calquera deportista poderá inscribirse independentemente de que solicite ou non a praza á FEGATRI.

No caso de que a praza se outorgue a unha persoa xa inscrita esta solicitará a FETRI a devolución do importe aboado e a FEGATRI pasará a asumir o gasto directamente.

De cara a seleccionar ás persoas deportistas para outorgar as prazas autonómicas reservadas no evento (2 deportistas masculinos e 2 femininas da categoría infantil), ábrese por parte da FEGATRI un prazo de solicitude ata o próximo martes, 12 de maio.

PRAZO PARA ENVIAR AS PROPOSTAS DOS CLUBS

Ata o martes 12 de maio.

Criterios de Resolución e incompatibilidades

Corresponde á Dirección Técnica resolver a convocatoria que outorga as prazas para asistir ao encontro en base ao criterio técnico de competencia e interese deportivo.

A asistencia ao encontro será incompatible coa convocatoria da selección escolar.

ENCANTRO DE MENORES HUESCA

1 ao 5 de xullo de 2026

Solicitud de prazas autonómicas reservadas

DATOS DEPORTISTAS CATEGORÍA INFANTIL

NOME E APELIDOS	
Nº LICENZA	
CLUB	
TELÉFONOS DE CONTACTO	
EMAIL	

DATOS DEPORTISTAS CATEGORÍA INFANTIL

NOME E APELIDOS	
Nº LICENZA	
CLUB	
TELÉFONOS DE CONTACTO	
EMAIL	

DATOS DEPORTISTAS CATEGORÍA INFANTIL

NOME E APELIDOS	
Nº LICENZA	
CLUB	
TELÉFONOS DE CONTACTO	
EMAIL	

DATOS DEPORTISTAS CATEGORÍA INFANTIL

NOME E APELIDOS	
Nº LICENZA	
CLUB	
TELÉFONOS DE CONTACTO	
EMAIL	

As **solicitudes** para as prazas autonómicas reservadas e financiadas pola FEGATRI deben enviarse a fegatri@hotmail.com **ata o próximo martes 12 de maio** cubrindo os formularios anteriores.